

## Tartarugas enredadas.

Cabrera é un lugar privilexiado. O seu pasado militar ten protexido da sobreexplotación tanto a illa como o mar circundante.

Pero a espuma do mar nace lonxe do lugar onde morre, e na súa viaxe arrastra os problemas.

Nos remuíños das ondas van dando voltas organismos e partículas, moléculas de auga e de sal, e tamén alginhas trampas, que non se ven na superficie, pero que non desaparecen só por non seren visibles.

O mar semella engolir todo; e é certo que, ás veces, conséguese, se ben, en moitas ocasións, os problemas reaparecen do xeito e no lugar máis insospeitados.

A tartaruga boba topa con algúns deses problemas. A especie fora moi abundante no mar Mediterráneo; sen embargo agora é unha rareza, e quizais dentro de pouco sexa tan só un recordo.

Este réptil nada en alta mar, aínda que é habitual que se achegue ás costas nas súas longas migarções.

Son millas e millas ao longo da vida dunha tartaruga, millóns de golpes das aletas, esas formas que adquiriron as extremidades destes quelonios ao longo da evolución, e que os diferencian dos seus parentes terrestres e mesmo dos de auga doce.

Cada vez que as aletas reman, o animal corre o risco de se ver mutilado. Un encontro ao azar – pódelle tocar a calquera – cos restos dunha rede á deriva. Esa pode ser a plastificada cara dunha morte nada épica e menos natural.

Agás que, tamén por azar, un ser humano pase a tempo para reparar o dano dun conxénere, como se á fin só contara que a especie emende os seus erros.

Esta tartaruga ten topado coa boa fortuna. Como en Cabrera non hai moito que facer, atraeu a atención do exército, dos gardamarinas, dos pescadores e das súas familias; todos pendentes dunha tartaruga que estivo a piques de perder a vida.

Unha vez liberada da maraña mortal, o seu sitio é o mar. Mesmo que alí vaia atoparse con novas trampas, máis perigos e menos mimos. A liberdade nunca é gratis, pero hai prezos que pagan a pena e riscos que non se poden evitar.

Restos de redes e bolsas de plástico, sustancias alleas ao mar, son as que actúan como unha camisa de forza sobre as tartarugas. Parálise antropomórfica; estúpida por involuntaria, malvada por irreflexiva.

Non hai unha soa persoa que obteña beneficio nen comodidade en abandonar todo ese lixo no mar. E sen embargo, o que sí provoca é a morte destas fermosas tartarugas, a presenza das cais entre as olas, cruzando océanos, fai que o planeta sexa un pouco máis fermoso.

A natureza sempre atopa un novo equilibrio, pero a quen de verdade provoca un dano irreparable a desaparición dunha especie é ao ser humano.